



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Xeografía e Historia

Curso Académico: 2017/2018

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade.	5
3. Plan de Melloras do Centro	1
4. Anexo: Informes de seguimento	7

1. Introducción

Dentro do contexto universitario actual, como parte da política de calidade deseñada pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Facultade de Xeografía e Historia asume, dentro do seu Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), a obriga de garantir a excelencia e calidade dos títulos que se imparten nela de acordo coas necesidades e demandas da sociedade galega. Por ese motivo, o Centro ven de desenvolver a súa labor marcándose como un dos seus obxectivos principais a oferta dunhas programacións formativas que, xunto coa calidade dos contidos, estea avalada por unha xestión de calidade, entendendo esta como peza fundamental do proceso no que se establece a máxima eficacia con tódolos nosos grupos de interese.

No caso particular da Facultade de Xeografía e Historia este compromiso, así como os obxectivos aparelados a el, amósase na mellora progresiva nos procesos de seguimento de tódolos seus títulos, na definición do plan de viabilidade daqueles que o precisaban e na participación, na política de seguimento dos títulos de grao realizada no curso 2017-2018.

A Memoria de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia, correspondente ao curso 2017-2018, reúne dun xeito resumido a información vencellada ao SGIC, ao seguimento dos títulos impartidos no centro e ó plan de melloras deste durante o mencionado curso 2017-2018, e as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos de cara ao curso 2018-19.

A presente Memoria de Calidade foi aprobada na Xunta de Facultade do 3 de maio de 2019.

Estrutura da Facultade de Xeografía e Historia para o desenvolvemento do SGIC.

Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2017-2018 atinxe a todas as titulacións impartidas no centro e a tódalas persoas do Centro: alumnado, persoal de administración e servizos (PAS) e persoal docente e investigador (PDI).

Os títulos vencellados á Facultade durante o devandito curso foron:

- Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- Grao en Historia.
- Grao en Historia da Arte.
- Máster Oficial Interuniversitario en Historia Contemporánea (2ª edición).
- Máster Oficial Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (3ª edición). (USC, Universidade Coordinadora).
- Máster Oficial Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial.
- Máster Oficial Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte. (USC, Universidade Coordinadora).
- Master Oficial Interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII (USC, Universidade Coordinadora).

Neste curso 2017-2018 continuouse coa impartición da docencia nos tres graos vencellados co centro e, do mesmo xeito, consolidouse a oferta de másteres coa segunda e terceira edición dos másteres interuniversitarios en Historia Contemporánea e Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. Do mesmo xeito que tamén se consolidou a docencia no Master Oficial Interuniversitario de Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte, do mesmo xeito que tamén se consolidou á docencia do Máster Oficial Interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España. Séculos XVI-XVIII.

Tendo en conta os diferentes roles que a USC xoga nos másteres ofertados polo centro, ben como universidade coordinadora, ben como universidade asociada, os informes de seguimento que se

achegan nesta memoria de calidade corresponden aos graos en Xeografía e Ordenación do Territorio, Historia e Historia da Arte, e ao Master en Historia Moderna: Monarquía de España. Séculos XV-XVIII e aos informes dos másteres en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial e Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte.

Documentación de referencia.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos, e da normativa xeral estatal, autonómica e da USC, a que se inclúe a continuación:

- Memoria do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- Plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- Memoria do Grao en Historia.
- Memoria do Grao en Historia da Arte.
- Memoria do Máster Oficial Interuniversitario en Historia Contemporánea (2ª edición).
- Memoria do Máster Oficial Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (3ª edición). (USC, Universidade Coordinadora).
- Memoria do Máster Oficial Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial.
- Memoria do Máster Oficial Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte. (USC, Universidade Coordinadora).
- Memoria do Master Oficial interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España. Séculos XVI-XVIII (USC, Universidade Coordinadora)
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Xeografía e Historia.
- Regulamento de Réxime Interno dos Departamento adscritos á Facultade.
- Regulamento de Réxime Interno das correspondentes Comisións Académicas dos Másteres que se imparten no centro.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro (CCC), as Comisións de Título, o responsable de calidade do centro, os e as Coordinadores/as dos títulos e a Comisión de prácticas académicas en empresas (PAE).

As funcións de cada un dos órganos e cargos relacionados co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia. No caso da CCC, a súa composición é a seguinte:

- Decano/a da Facultade de Xeografía e Historia.
- Vicedecano/a de Asuntos Académicos.
- Secretario/a do centro.
- Responsable de calidade do centro.
- Directores/as dos departamentos adscritos ao centro.
- Coordinadores/as dos títulos impartidos no centro.
- Xestor/a Académica do Centro.
- Alumnos/as dos títulos impartidos no centro (3)

Son funcións da CCC:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro.

- Proposta do Plan de Mellora do Centro para o curso seguinte.
- Informe do seguimento da implantación do SGIC.
- Informes de seguimento dos títulos.

As reunións da CCC durante

4 de outubro de 2017.

Orde do día:

- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- Informe do Sr. Decano.
- Proposta e aprobación, se procede, da asignación de TFG para o curso 2017/18.
- Proposta e aprobación, se procede, dos tribunais de TFG para o curso 2017/18.
- Proposta e aprobación, se procede, da asignación de matrículas de honra de TFG para o curso 2016/17.
- Proposta e aprobación, se procede, da asignación de licenzas para o control de paxios para a revisión de TFG e TFM.
- Asuntos urxentes e de trámite.
- Rogos e preguntas.

20 de decembro de 2017.

Orde do día:

- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- Informe do Sr. Decano.
- Informe do calendario de seguimento.
- Informe do calendario do plan estratéxico e a creación de grupos de traballo.
- Asuntos urxentes e de trámite.
- Rogos e preguntas.

27 de abril de 2018

Orde do día:

- Proposta e Aprobación, se procede, dos informes de seguimento do curso 2016-2017.

4 de xuño de 2018.

Orde do día:

- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- Informe do Sr. Decano.
- Proposta e aprobación, se procede, das liñas temáticas dos TFG do curso 2018/19.
- Tribunais de TFG.
- Asuntos urxentes e de trámite.
- Rogos e Preguntas.

25 de xuño de 2018.

Orde do día:

- Punto único: proposta e aprobación, se procede, da modificación do plan de estudos do grao en Xeografía e Ordeación do Territorio.

14 de setembro de 2018.

Orde do día:

- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesión anteriores.
- Informe do Sr. Decano.
- Proposta e aprobación, se procede, da asignación de traballos fin de grao 2018-19.
- Proposta e aprobación, se procede, dos tribunais dos traballos fin de grao 2018-19.
- Liñas temáticas.
- Proposta e aprobación, se procede, do protocolo de uso da ferramenta antiplaxio Turnitin.
- Asuntos urxentes e de trámite.
- Rogos e preguntas.

9 de outubro de 2018.

Orde do día:

- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
- Informe do Sr. Decano.
- Proposta e aprobación, se procede, da asignación de matrículas de honra dos TFG do curso 2018-19.
- Asuntos urxentes e de trámite.
- Rogos e preguntas.

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade.

O SGIC busca propiciar a mellora continua das titulacións adscritas aos centros da USC, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e renovación de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SIG deseñouse seguindo o modelo da axencia galega de calidade ACSUG, e o primeiro documento marco foi aprobado no ano 2008, simplificado no 2013, e no ano 2018 aprobouse unha modificación do sistema que consiste na simplificación dos documentos dos centros e a creación de criterios comúns para toda a USC que aseguren o cumprimento das directrices europeas nos ambitos de decisión que recaen na institución.-

Dende o 10 de maio de 2011 a Facultade de Xeografía e Historia conta coa avaliación positiva condicionada do SGIC, cuxa documentación de referencia consistía nun Manual del Sistema de Gestión Interna de Calidad (MSGIC), onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun Manual de Procesos e Procedementos.

O Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia, aprobado o 23 de marzo de 2015, así como o Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos e Procedementos, están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Xeografía e Historia, no seu epígrafe adicado ao SGIC:

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/sgic.html>

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2017-2018 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes cos procedimentos e procesos, estando algúns documentos integrados na Aplicación de Apoio ós Sistemas de Xestión: informes de seguimento dos títulos, plans de melloras, indicadores relevantes. Asimesmo estase a plantexar a actualización do procedementos acorde ao que figura no texto recollido no Sistema de Garantía de Calidade, Nova Documentación, aprobada na Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno o 23 de febreiro de 2018 . <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/sgic.html>

Accións máis relevantes.

Como aspectos máis salientables tratados nas reunións da Comisión de Calidade, cabe destacar os seguintes:

- **Reunión do 4 de outubro de 2017.** Aprobación de asignación de TFG para o curso 2017-2018; Aprobación dos Tribunais dos Traballos Fin de Grao (TFG) para o curso 2017-2018. <http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/tfg.html> e Aprobación de asignación de licencias de Ferramenta Antiplaxio para revisión dos TFG e TFM.
- **Reunión do 20 de decembro de 2017.** Aprobación do calendario de seguimento dos títulos do centro e Aprobación do calendario para elaboración do Plano Estratéxico do centro.
- **Reunión do 27 de abril de 2018.** Aprobación dos informes de seguimento do curso 2017-2018. <http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/sgic.html>
- **Reunión de 4 de xuño de 2018.** Aprobación das liñas temáticas dos TFGs para o curso 2018-2019 e e Aprobación dos tribunais de TFG. <http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/tfg.html>
- **Reunión do 25 de xuño de 2018.** Aprobación da modificación do plan de estudos de Xeografía e Ordenación do Territorio.
- **Reunión de 14 de setembro de 2018.** Aprobación de asignación de traballos Fin de Grao para o curso 2018-2019, Aprobación da composición dos tribunais dos TFG. Curso 2018-2019, Aprobación das liñas temáticas para os TFG do curso 2018-2019 e Aprobación de uso de ferramenta Antiplaxio.
- **Reunión de 9 de outubro de 2018.** Aprobación da asignación de matrículas de honra dos TFG do curso 2017-2018.

Indicadores do SGIC.

Preséntanse a continuación os resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía Interna dos Centros da USC, para o curso académico 2017-2018. Estes indicadores son facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC de cada centro.

Os datos dispoñibles a nivel de centro proceden do cálculo agregado dos datos dos títulos impartidos no centro no curso académico obxecto desta memoria de calidade. A visión desagregada destes mesmos datos por títulos pódese facer a través dos correspondentes informes de seguimento presentados en marzo de 2018.

Táboa dos indicadores do SGIC para o curso 2016-2017 e 2017-2018			
Código	Descrición	Valor (2016-2017)	Valor (2017-2018)
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	376	376
IN02C-PC-05	Matrícula	1105	1135
IN03C-PC-05	Matrícula de novo ingreso	338	333
IN04C-PC-05	Matrícula de novo ingreso por preinscripción	326	330
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscripción	-2.1	1.23
IN06C-PC-05	Nota media de acceso por preinscripción	7.85	7.87
IN07C-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	91.25	91.25
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	1.18	1.32
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	3,44	3.61
IN10C-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	83.53	78.82
IN12C-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	86.7	87.77
IN14C-PC-05	Núm. de matriculados en máster no centro/Núm. de graduados do centro	0.75	0.8
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	4	4,4
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	3.89	3
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	3.71	3.08

IN CG-PC-00. Indicadores que fan referencia aos datos de centro
 IN CG-S01-PM . Indicadores que fan referencia aos estudos de Grao
 IN CM-S01-PM . Indicadores que fan referencia aos estudos de Master

Táboa dos indicadores do SGIC para o curso 2016-2017 e 2017-2018

Código	Descrición	Valor (2016-2017)	Valor (2017-2018)
IN24C-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	91.62	90.07
IN25C-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	98.87	97.5
IN26C-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	76.14	74.84
IN30C-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	6.7	-----
IN31C-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	38.84	38.99
IN32C-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	24.17	24.25
IN34CG-S01-PM-01	Taxa de rendemento	77.18	76.7
IN34CM-S01-PM-01	Taxa de rendemento	89.91	84.81
IN35CG-S01-PM-01	Taxa de éxito	87.47	88.06
IN35CM-S01-PM-01	Taxa de éxito	99.62	99.07
IN36CG-S01-PM-01	Taxa de avaliación	88.16	87.01
IN36CM-S01-PM-01	Taxa de avaliación	90.26	85.61
IN37CG-S01-PM-01	Taxa de graduación	49.79	53.42
IN37CM-S01-PM-01	Taxa de graduación	77.61	77.11
IN38CG-S01-PM-01	Duración media dos estudos	4,45	4.64
IN38CM-S01-PM-01	Duración media dos estudos	1,26	1.39
IN39CG-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	---	-----
IN39CM-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	-----	-----
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	14.48	16.33
IN41CG-S01-PM-	Taxa de abandono RD 1393	30.8	20.94
IN41CM-S01-PM-	Taxa de abandono RD 1393	10.45	2.67
IN50CG-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados	95.41	92.67
IN50CM-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados	99.72	99.72
IN53CG-S01-PM-01	Taxa de eficacia	93.18	88.73
IN53CM-S01-PM-01	Taxa de eficacia	95.26	94.62
IN49C-PS-01	Satisfacción do PAS co seu traballo	3.17	3.62
IXA-C04	Porcentaxe de actas fóra de prazo	---	-----

IN CG-PC-OO. Indicadores que fan referencia aos datos de centro

IN CG-S01-PM . Indicadores que fan referencia aos estudos de Grao

IN CM-S01-PM . Indicadores que fan referencia aos estudos de Master

Descrición dos títulos (Graos de Historia, Historia da Arte e Xeografía e Ordenación do Territorio).

A oferta de prazas dos tres títulos de Grao que se imparten na Facultade de Xeografía e Historia mantense no mesmo número, así tanto para o curso 2016-17 e 2017-18 a Facultade ofertou 376. Esta estabilización, sen embargo, non está presente no número de Matriculados do centro no que se produce un lixeiro incremento, índice que pasa do 1105 a 1135, tendencia que se inverte na matrícula de novo ingreso, que descende lixeiramente 333 neste curso e 338 no pasado. O motivo destas lixeiras variacións no número de alumnos en ámbolos dous campos procede do aumento do número de alumnos que non superaron materias nos estudos dos graos e, para o caso dos masteres, do incremento de alumnos matriculados neles.

Xustificación.

Ao igual que sucedía ca matrícula de novo ingreso, tamén ascende lixeiramente a matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN04-PC-05), pasando de 326 a 330, recuperando valores de cursos anteriores, polo que tal vez garde relación co incremento motivado tanto pola mobilidade dos estudantes como polo feito de aqueles alumnos que non consiguen rematar os cursos nos prazos previsto.

Competencias e obxectivos.

Estes datos saen, entre outros referentes, para o caso dos graos dos items relacionados co alto número de traballos fin de grao defendidos nas titulacións do centro. Así suponen un 59.84 % sobre o total de matriculados. Traballos que de forma maioritaria superan o 5 neste curso académico en mais dun 95% (97.46%) dos cales unha ampla maioría obteñen unha puntuación igual ou superior a 8.

(http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeahistoria/descargas/Resultados-2017_18.pdf)

Acceso e admisión de estudantes.

O número total de alumnado matriculado no centro (IN02- PC-05) no curso 2017-2018 é de 1135 estudantes (30 alumnos/as máis que no curso anterior), é dicir, neste curso houbo un 2.71% de incremento.

A porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados (IN09-PC-05) nos títulos de referencia é de 3.61%, superando lixeiramente a taxa do curso 2016-2017 (3.44%).

Planificación das ensinanzas.

A porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade (IN17-PC-08) tivo un tamén un lixeiro descenso sobre o curso pasado, sendo a porcentaxe do curso 2017-2018 do 3% fronte ao 3.89% do curso 2016-2017, descenso explicable pola redución do sistema de bolsas e polo endurecemento das competencias lingüísticas para acceso aos programas de mobilidade.

Disminución que, aínda que menos acusada que en cursos precedentes, tamén está presente na porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18C-PC-08), onde se pasa dun 3.71% a un 3.08% nos cursos de referencia. Cabe reseñar tamén que a satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade mantense en termos similares ó curso anterior, pero invertendo a tendencia descendente que estaba presenta en anteriores cursos, de 4 % a 4.5%, respectivamente (IN-16-PC-08) o que supón unha lixeira mellora

de percepción dos estudantes que participan neste programa. Así mesmo hai que seguir mantendo, ao igual que xa se fixo en informes pasados, que nestes indicadores só se contabilizan os alumnos/as cuxo centro de destino foi a Facultade de Xeografía e Historia, xa que o centro tamén é receptor dun gran número de estudantes que cursan materias específicas dos títulos ofertados no centro ao abeiro de acordos de mobilidade diferentes.

A pesares destes datos que tenden a anunciar unha estabilización ou un lixeiro descenso dos datos de recollidos en cursos pasados, cunha lixeira tendencia ascendente, aínda que neste caso pouco significativa, na porcentaxe de estudantes egresados no curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22C-PC-09). No curso 2016-17 acadaron un total de 74.88, namentras que no 2017-18 a porcentaxe foi do 77.33%, incremento que, aínda que breve pon de manifesto que o número de alumnos/as que participan nas PAE é sobresaínte así como po interese do mesmo para os actores que participan nel.

Tamén como reflexo desta situación xeral percíbese un tendencia a estabilización, con un lixeiro incremento, do número medio de estudantes por grupo de docencia expositiva (IN31C-PS-01), que pasa de 38.84% (2016-2017) a 38.99% (2017-2018). Incremento que tamén se observa no número medio de estudantes por grupo de docencia interactiva (IN32C-PS-01) -de 24.17% a 24.25- debido á introdución e incremento do número de grupos interactivos de centro.

Un lixeiro descenso tamén esta presente nos datos relativos aos indicadores IN10C-PC-05, relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas no grao: 78.82% fronte a 83.53%; situación que se inverte, nunha clara tendencia a estabilización pero alcista, no número de matriculados en máster no centro/número de graduados do centro (IN14C-PC-05) 0,8; e na nota media de acceso por preinscripción: 7.87 (IN06C-PC-05).

Recursos humanos.

Todo o persoal académico que imparte docencia nos títulos da Facultade, son suficientes para atender as necesidades docentes derivadas deles. De igual modo que o persoal de administración e servizos que traballa na Facultade, constituído por 12 membros (persoal de servizo 6; persoal de decanato.- 2; persoal de administración nos departamentos.- 3; persoal de xestión económica.- 2) é suficiente para atender as necesidades do centro.

Polo que respecta ao PDI, aínda que o número segue sendo elevado, a porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o total de PDI total con docencia nos títulos que se imparten na Facultade (IN24C-PS-01) amosa durante o curso 2017-2018 unha pequena redución, pasándose dun 91.62% (2016-2017) a un 90.07%, tal vez explicable pola contratación de persoal que ante a falta de estabilidade non pode acceder ao recoñecemento da componente investigadora. Unha tendencia similar detéctase na porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (IN25C-PS-01) e na porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26C-PS-01), sendo os datos concretos para o curso 2017-18 dun 97.5% e 74.84%, respectivamente.

Estes datos non teñen en conta ao profesorado de áreas externas que participa na docencia nos másteres; tampouco ten en conta o profesorado doutras universidades que imparten docencia nos títulos interuniversitarios. A redución neste apartado debe asociarse cos procesos de xubilación que se están a producir nos últimos anos e, dado que non hai un incremento efectivo dos recursos de PDI, tamén debido a contabilización do alumnado en formación que conta con certa capacidade para impartir docencia interactiva.

Recursos materiais e servizos.

No proceso de revisión do SGIC levado a cabo durante o curso 2012-2013, suprimíronse os indicadores relativos a esta dimensión da memoria que, sen embargo, queda perfectamente recollida nos informes de seguimento de cada un dos títulos.

De xeito resumido se poden sinalar os seguintes datos:

Nestes momentos a Facultade dispón de tódolos recursos materiais e servizos necesarios para a impartición dos títulos; non obstante, dentro da búsqueda da calidade, hai que sinalar que sempre é preciso mellorar as condicións existentes para actualizar constantemente o sistema de ensino. É esta a razón que leva a intentar aumentar os espazos de traballo comunitario e de titorías en grupos reducidos, para adecuar a estas funcións ás aulas cuxas dimensións non se axustan a estas necesidades. Igualmente debe de terse en conta que nunha facultade instalada nun edificio histórico as tarefas céntranse na actualización das infraestructuras de xeito gradual pero continuo, en función da urxencia das actuacións, para levar a cabo o mantemento da construción mentres non se produza a rehabilitación integral do inmovible.

O feito de que se trate dun edificio histórico, supón un problema para a accesibilidade de persoas con dificultades especiais; non obstante o edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo conta cun ascensor que comunica as plantas principais da facultade e permite salvar os espazos non adaptados para estas necesidades especiais.

O edificio conta cun total de 19 aulas e 6 seminarios (Fonte.- http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/horario_aulas.html). Todos eles están dotados de sistemas de proxección dixital, conexión a internet e conexión wifi. Así mesmo cóntase cun laboratorio de prehistoria e xeografía, un aula de cartografía e tres aulas de informática cun total de 68 postos.

Así mesmo a biblioteca do centro dispón dunha dotación de fondos ampla (Datos.- Recursos bibliográficos e de infraestructura bibliotecaria. Curso 2014-15.- 132.974 monografías e 3.076 publicacións periódicas; Curso 2015-16. 138.926 (monografías audiovisuais e material non librario, 3.227 publicacións periódicas. Datos estadísticos da biblioteca).

De igual xeito que coas infraestructuras presentes na facultade, outro aspecto a ter en conta son os servizos que se ofertan aos estudantes para a realización das Prácticas Académicas Externas - PAE-, nos que a titulación conta cun número significativo de convenios, mais de corenta, con outras tantas institucións. (<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/pae.html>)

Resultados previstos.

No que respecta á taxa de rendemento, calculada como a porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados), pódese observar un incremento nos graos (IN34CG-S01-PM-01), que pasan do 75.88 (2014-2015) ao 77.18% (2015-2016). Proceso que tamén se constata nos másteres (IN34CM-S01-PM-01), onde o aumento no curso obxecto desta memoria supera o curso anterior: 89.91% e 88%, respectivamente.

Pola súa parte a taxa de éxito, que se calcula como a porcentaxe entre o número de créditos ordinarios superados e os créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados, (IN35CG-S01-PM-01 e IN35CM-S01-PM-01) amosa unha tendencia similar a de outros indicadores que ven determinada por un lixeiro descenso nos cursos de referencia dun 77.18% a un 76.7% nos graos, e dun 89.91% a un 84.81% nos másteres.

Esta mesma tendencia apréciase na taxa de avaliación que se calcula como a porcentaxe entre o número de créditos ordinarios presentados entre o número de créditos ordinarios matriculados, mantendo os mesmos criterios de exclusión que nos casos anteriores (IN36CG-S01-PM-01 e IN36CM-S01-PM-01). Nesta ocasión o descenso detéctase de xeito moito máis reducido nos graos, onde se pasa do 88.16% (2016-2017) ao 87.01% (2017-2018), así como nos másteres que tamén amosan un descenso mais pronunciado, de case cinco puntos, pasando do 90.26% ao 85.61%.

Pola contra, a taxa de graduación sofre un lixeiro ascenso neste curso 2017-2018, para os graos (IN37CG-S01-PM-01), pero non nos másteres (IN37CM-S01-PM-01) nos que se observa un lixeiro descenso. Así, nos graos pásase dun 49.79% a un 53.42, e nos másteres dun 77.61% a un 77.11%, respectivamente. A taxa de graduación calcúlase como a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada.

Finalmente a taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40CG-S01-PM-01) incrementouse, en case dous puntos, no curso 2017-2018 nos graos. Pola súa parte, un factor máis indicativo que este, e o que proporciona a taxa de abandono segundo o RD1393 no que se evidencia a mesma tendencia en graos e másteres, determinada por un acusado descenso. Nos primeiros de mais de nove puntos pasando de 30.8 (2016-2017) a 20.94 (2017-2018), namentras que nos segundos a tendencia é descendente de case oito puntos pasando de 10.45 (2016-2017) a 2.67 (2017-2018). (IN41CG-S01-PM-01, IN41CM-S01-PM-01).

A duración média dos estudos dos graos é de 4,64 anos para o curso 2017-2018 fronte os 4,45 anos para o curso 2016-2017 (IN38CG-S01-PM-01); no caso dos másteres (IN39CM-S01-PM-01) houbo un menor aumento que para os graos de 1,26 anos (2016-2017) a 1,37 anos (2017-2018)

.

3. Plan de Melloras do Centro

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1	Proposta de mellora	Cambio do sistema de iluminación de diversos espazos da facultade a iluminación LED para mellora das condicións enerxéticas do edificio	Finalizada	Francisco R. Durán Villa	07.05.2018	28.09.2018
AM-2	Proposta de mellora	Renovación de equipos informáticos que están obsoletos para as aulas	Finalizada	Francisco R. Durán Villa	07.05.2018	28.09.2018
AM-3	Proposta de mellora	Restauración de parte dos mobles da Sala de profesores por medio de tapizado e renovación dos asentos do espazo	Finalizada	Francisco R. Durán Villa	07.05.2018	28.09.2018
AM-4	Proposta de mellora	Instalar na aula magna da Facultade un sistema de videoconferencia que permita dotar ao centro de novas posibilidades para impartir docencia e organizar actos culturais.	Finalizada	Francisco R. Durán Villa	07.05.2018	28.09.2018
AM-5	Proposta de mellora	Remitir e verificar o envío de recordatorios aos docentes dos diferentes graos para que as actas se remitan no marco de tempo establecido pola USC	Finalizada	Francisco R. Durán Villa	07.05.2018	03.09.2018
AM-6	Proposta de mellora	Potenciar e incentivar a participación dos alumnos de Grao en actividades culturais organizadas ou nas que participen os profesores do Grao ou profesionais desatacados como complemento da súa formación reglada	Finalizada	Francisco R. Durán Villa	09.10.2017	31.08.2018
AM-7	Proposta de mellora	Mellorar as accións de coordinación entre os diferentes docentes que imparten masterías no Graos para evitar repeticións de contidos.	Finalizada	Francisco R. Durán Villa	27.04.2018	29.06.2018

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1 (Curso 2018-19)
		Tipo	Esta acción surxe este ano da revisión periódica que se fai dos recursos materiais do centro empregados na docencia, a raíz da elaboración dos informes de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
	Definición	Análise causa	Mal estado dos equipos técnicos (cañons de Video) utilizado na docencia en determinadas aulas del centro
		Definición/descripción proposta	Adquisición de cañons de video novos para substituir aqueles que se atopan en mal estado
		Data prevista de finalización	Finalización: 30/09/2019
		Data inicio	Inicio: 28/03/2018
Responsables	Responsable da implantación	Francisco R. Durán Villa	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-2 (Curso 2018-2019)
		Tipo	Esta acción surxe este ano da revisión periódica que se fai dos recursos materiais do centro empregados na docencia, a raíz da elaboración dos informes de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
	Definición	Análise causa	Mal estado de conservación das pizarras en tres aulas da Facultade (Aula nº. 3, 6 e 12)
		Definición/descripción proposta	Restauración das pizarras que se atopan en mal estado de conservación e dificultan o seu uso para unha docencia axeitada
		Data prevista de finalización	Finalización: 27/11/2019
		Data inicio	Inicio: 18/03/2019
Responsables	Responsable da implantación	Francisco R. Durán Villa	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-3 (Curso 2018-2019)
		Tipo	Esta acción surxe este ano da revisión periódica que se fai dos recursos materiais do centro empregados na docencia, a raíz da elaboración dos informes de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
	Definición	Análise causa	Deficiente iluminación dos postos da Sala Lectura de Biblioteca
		Definición/descrición proposta	Cambio na iluminación dos postos de lectura da Biblioteca da Facultade, cambiando o sistema tradicional por luces led
		Data prevista de finalización	Finalización: 20/12/2019
		Data inicio	Inicio: 01/04/2019
Responsables	Responsable da implantación	Francisco R. Durán Villa	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-4 (Curso 2018-2019)
		Tipo	Esta acción surxe este ano da revisión periódica que se fai dos recursos materiais do centro empregados na docencia, a raíz da elaboración dos informes de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
	Definición	Análise causa	Carencia de estanterías para a colocación de libros no depósito da Biblioteca da Facultade
		Definición/descrición proposta	Adquisición de novas estanterías para a colocación de fondos no depósito da biblioteca e mellora na distribución do mesmo, optimizando o espazo
		Data prevista de finalización	Finalización: 19/12/2019
		Data inicio	Inicio: 01/04/2019
Responsables	Responsable da implantación	Francisco R. Durán Villa	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-5 (Curso 2018-2019)
		Tipo	Esta acción surxe este ano da revisión periódica que se fai dos recursos materiais do centro empregados na docencia, a raíz da elaboración dos informes de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
	Definición	Análise causa	Sistema de iluminación deficiente e anticuado nos pasillos da Facultade
		Definición/descrición proposta	Dentro do plan de renovación do sistema de iluminación dos espazos da Facultade, este ano está previsto acometer a terceira das fases, que consiste no cambio do sistema de iluminación tradicional ao led nos pasillos do claustro
		Data prevista de finalización	Finalización: 19/12/2019
		Data inicio	Inicio: 29/01/2016
Responsables	Responsable da implantación	Francisco R, Duran Villa	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-6 (Curso 2015-2016)
		Tipo	Esta acción surxe este ano da revisión periódica que se fai procedementos de calidade, a raíz da elaboración dos informes de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
	Definición	Análise causa	Necesidade de completar os coñecementos e a información do persoal responsable das titulacións da Facultade
		Definición/descrición proposta	Organización dun curso de xestión de calidade, para os membros do equipo directivo da Facultade e os integrantes das diferentes comisións de títulos
		Data prevista de finalización	Finalización: 19/12/2019
		Data inicio	Inicio: 01/04/2019
Responsables	Responsable da implantación	Francisco R. Durán Villa	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-7 (Curso 2015-2016)
		Tipo	Esta acción surxe este ano da revisión periódica que se fai dos procedementos, a raíz da elaboración dos informes de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
	Definición	Análise causa	Diversidad de procedementos formais nos procedementos de elaboración dos TFGs.
		Definición/descrición proposta	Realizar un curso de formación para os alumnos sobre os aspectos que deben recollese nos TFG e a súa metodoloxía
		Data prevista de finalización	Finalización: 19/12/2019
Data inicio		Inicio: 01/04/2019	
Responsables	Responsable da implantación	Francisco R. Durán Villa	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-8 (Curso 2018-2019)
		Tipo	Esta acción surxe este ano da revisión periódica que se fai do intento de mellora dos procedementos, a raíz da elaboración dos informes de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
	Definición	Análise causa	Carencia nas programacións dos sistemas para avaliar determinadas competencias
		Definición/descrición proposta	Impulsar por medio das tarefas de coordinación e difusión, entre os docentes da Facultade, as necesidades de incorporar as cuestións de avaliación das competencias para os alumnos
		Data prevista de finalización	Finalización: 27/06/2019
Data inicio		Inicio: 01/04/2019	
Responsables	Responsable da implantación	Francisco R. Durán Villa	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-9 (Curso 2018-2019)
		Tipo	Esta acción surxe este ano da revisión periódica que se fai dos métodos docentes, a raíz da elaboración dos informes de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
	Definición	Análise causa	Uso e manexo de ferramentas antiplaxio.
		Definición/descrición proposta	Realización dun curso de formación para os profesores do centro de uso e manexo da ferramenta antiplaxio para avaliación dos traballos dos alumnos (TFG e TFM)
		Data prevista de finalización	Finalización: 21/11/2019
		Data inicio	Inicio: 01/04/2018
Responsables	Responsable da implantación	Francisco R. Durán Villa	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-10 (Curso 2018-2019)
		Tipo	Esta acción surxe este ano da revisión periódica que se fai dos procedementos de calidade e dos indicadores dos mesmos, a raíz da elaboración dos informes de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
	Definición	Análise causa	Falta de orientación profesional para os egresados do título
		Definición/descrición proposta	Realización de xornadas de orientación laboral para os estudantes de cuarto curso dos Graos
		Data prevista de finalización	Finalización: 24/07/2019
		Data inicio	Inicio: 25/03/2019
Responsables	Responsable da implantación	Francisco R. Durán Villa	

Anexo: Informes de seguimento

- Grao en Historia
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Informe-de-seguimento-Grao-en-Historia-2017_18.pdf
- Grao en Historia da arte
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Informe-de-seguimento-Grao-en-Historia-da-Arte-_2017-2018.pdf
- Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Informe-de-seguimento-Grao-en-Xeografia-2017_18.pdf
- Master Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/informe-de-seguimiento-Master-Arqueoloxia-2017-2018.pdf>
- Master Universitario en Xestión de Patrimonio Artístico, Arquitectónico, Museos e Mercado de Arte
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Informe-de-seguimento-Master-Xestion-do-Patrimonio-2017_18.pdf
- Master Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España. Séculos XVI-XVIII
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Informe-de-seguimento-Master-Moderna-2017_18.pdf
- Master Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Informe-de-seguimento-master-en-PXDT-2017_18.pdf